

Frontera España-Portugal: documentación lingüística y bibliográfica
<http://www.frontespo.org>

Localidad: Castromil (Hermisende). Zamora

Identificador de la grabación: ESZA27003-002

Fecha de la entrevista: 26/02/2016

Entrevistadores: David Rodríguez Lorenzo

Informantes: Nemesio González, Ascensión Nieto

Versión de la transcripción: 1

Revisada: No

Licencia de uso CC BY-SA 4.0

Inf. 1 (NG) De antes?

Inf. 1 (NG) Que, que tiñan unha caída grande de agua, un rodecio de ferro abaixo, que era o que facía mover o | a agua movía... unhas aspas que levaba, o rodecio levaba unhas aspas -non?-, e e- | claro, a agua batía nas aspas, daba arredor e aquilo estaba coa [xxx] | chamábaselle un fuso, á pedra de arriba.

Entr. 1 (DRL) O rodecio son, son... unhas aspas.

Inf. 1 (NG) Levaba dúas pedras, un | unha pedra por abaixo, grandísima, mui ben tallada, porque eran canteiros | antes os canteiros éranche bois, era todo á mao... con, con martelo, con, con maceta e aí non había radiais, non había... punteiro e cincel era o que había, e guillos para rachar as pedras.

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 1 (NG) Despois aquel fuso ía enganchado á pedra de arriba... e había unha tramoia... [Emisión] cun | chamábamoslle un tarabelo, que estaba pousado na, na pedra de arriba, acoplado na tramoia, sabes?

Inf. 1 (NG) A tramoia é onde iba un depósito que iba o muí- | iba o grao

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Entonces aquela pedra ao andar... o tarabelo movíase -non?-, andaba así, e como estaba acoplado á, á caixiña que caía da ta- | da tramoia, ca- | iban caendo os graos... a un buraco na pedra así... e caían eiquí os graos, e a pedra andaba sobra a outra, sobre a outra, moíaa, saía a fariña... saía a caer a un farneiro, chamábanlle farneiro, onde |

Inf. 2 (AN) Un caxón.

Inf. 1 (NG) Un caxón grande |

Entr. 1 (DRL) Un caxón onde | o farneiro era onde a fariña...

Inf. 1 (NG) Onde caía xa a fariña.

Inf. 2 (AN) Xa caía a fariña.

Entr. 1 (DRL) Farneiro, vale [TranscrDubidosa].

Inf. 1 (NG) Despois xa tiñan... | había unha paleta de madeira... que era | non se usaba outra cousa, para encher os sacos, os sacos eran feitos de liño.

Inf. 2 (AN) [xxx] o que había.

Inf. 1 (NG) Daquel liño tamén se facían os sacos.

Inf. 2 (AN) E facían os sacos tamén.

Entr. 1 (DRL) Ah, que é o que estaba dicindo, os sacos para, para, para a fariña.

Inf. 1 (NG) Que era o que estaba dicindo para, para | levabas o grao nos sacos e despois xa traías a fariña nos sacos... para casa.

Inf. 2 (AN) Si.

Inf. 1 (NG) Metíase en arcaces... arcaces eran unhas tablas enormes de madeira de castaño, había arcaces dunha pieza solo, de, de tabla, ao mellor de... desta altura e desta anchura, de un metro por metro.

Inf. 1 (NG) E alí guardaban a fariña.

Inf. 1 (NG) Despois xa había que | había unha | outra, outra máis pequena que se chamaba a maseira.

Inf. 1 (NG) A maseira era onde as mulleres... tiñan unhas varillas que as puñan sobre a maseira e, e cunhas peneiras... peneiraban o pan.

Inf. 1 (NG) Viñan os peneireiros e a-, andaban polos pueblos facendo peneiras... sabes?

Inf. 1 (NG) Viñan con, con burros... a... a ganar a súa vida... dan... | un dáballo un plato de caldo, outro dáballo...

Inf. 2 (AN) Si, para peneirar o pan, si.

Inf. 1 (NG) Acórdome ben que a miña abuela unha vez... díxolle | era un de | era un home e, e un neno... "Ai, señor, a ver, eu, eu non teño para pagarte, quería, quería que me ficasas unha peneira, pero non teño diñeiro ningún, case non teño nada", "Bueno, pois fáganos unhas patatas", e xa lle fa- | pagoulle a peneira... mira tu.

Inf. 1 (NG) Entonces o home fez unha peneira [TranscrDubidosa], xa non sei se sabes o que é unha peneira, unha | un círculo de madeira redondo, esta altura, e levaba unha tela moi fina debaixo que era por onde pasaba a fariña.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 2 (AN) Si.

Inf. 2 (AN) Que era como pasaba a fariña.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) E bueno...

Entr. 1 (DRL) E, e o que quedaba así por riba?

Inf. 1 (NG) Eso é farelo, eso era para os porcos, era o que se lle daba aos porcos, eles [TranscrDubidosa] non comían outra cousa.

Inf. 2 (AN) Os farelos, era o farelo para os porcos.

Inf. 1 (NG) Como o que había no campo.

Inf. 2 (AN) Cocíamos na casa, bueno, xa te dixemos, si, o pan...

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Despois xa, amasábase a, amasábase a fariña... as mulleres deixaban unha cousa que se chamaba fermento... e ao mellor esta de- | cocía hoxe e deixaba o fermento, para que despois xa fermentase a da outra muller, e a outra muller víñalle pedir o fermento aquí á veciña, "Déixame o ferm- | dáme o fermento", e de- |

Inf. 2 (AN) Unha boliña de masa.

Inf. 2 (AN) [xxx] dunhas ás outras.

Inf. 2 (AN) Porque non existía levadura como existe hoxe.

Inf. 1 (NG) Non había, era todo natural.

Entr. 1 (DRL) Ah, entón era un, un cachiño de [xxx]...

Inf. 2 (AN) Sálalo e |

Inf. 1 (NG) Un trociño de masa, un, un trociño de masa léveda quedaba -sabes?- e guardábase aquilo, chamábanlle fermento.

Inf. 2 (AN) Era un cachiño da masa que [xxx].

Inf. 2 (AN) Chamábamoslle fermento, si.

Entr. 1 (DRL) Ah, vale.

Inf. 1 (NG) E aquilo andaba na roda do pueblo, non paraba nunca.

Inf. 2 (AN) Despois xa desde que xa veu a levadura, anque lle botarámolo fermento, xa eu me acordo a botarlle un pouco da levadura, comprabas unha barra da levadura e xa...

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) É...

Entr. 1 (DRL) E leveda máis ou, ou... ?

Inf. 2 (AN) Coa levadura, si.

Entr. 1 (DRL) Coa levadura.

Inf. 1 (NG) Na outra necesita |

Entr. 1 (DRL) [xxx]

Inf. 2 (AN) O outro era moi ao natural, era | se agora telo [xxx] | se coa levadura te leveda nunha hora, da outra maneira ao mellor tiñas que ter a masa tres horas... para levedar.

Inf. 1 (NG) Le- | necesitaba ao mellor dúas horas ou...

Inf. 1 (NG) A levedar.

Inf. 1 (NG) E mentres a masa levedaba, o, o marido, o meu o pai ou... ou cualquera, cos feixes de uces ás costas, das da casa |

Inf. 2 (AN) Para, para o forno, a facer lume xa.

Inf. 1 (NG) O forno, porque fornos eiquí había dous no pueblo.

Inf. 2 (AN) E eran do pueblo.

Entr. 1 (DRL) Eran dos veciños todos.

Inf. 2 (AN) Si, dous fornos [xxx].

Inf. 1 (NG) De todos, entonces non estaban do lado da túa casa, tiñas que ir ao mellor, por e[x]emplo nós non estaba lonxe, tíñamolo na pla- | na Touza, nós vivíamos na Touza e o, e o forno estaba la plaza do que é do Ponce agora.

Inf. 2 (AN) Si.

Inf. 2 (AN) Si, no que é agora a plaza do pueblo.

Inf. 1 (NG) Levabas dous feixes de uces ás costas, secas, e con aquilo roxabas o forno.

Inf. 1 (NG) O forno era de pedra, feito por canteiros, bois.

Inf. 1 (NG) Desde que estaba roxo, ron- | varrían... cun, cuns
varredoiros de xesta e un lareiro grande... para unha | para un | por un buraco
grande que se chamaba... a... como se chamaba?

Inf. 2 (AN) Cinse- | non, cinseiro non era.

Inf. 1 (NG) A borralleira.

Inf. 2 (AN) Borralleira.

Entr. 1 (DRL) A borralleira.

Inf. 1 (NG) Chámase a borralleira.

Inf. 2 (AN) O cinseiro, era cinseiro.

Inf. 1 (NG) E había ao redor da borralleira ao mellor había vinte
homes sentados... ao calor... sabe?

Inf. 2 (AN) Ao calor.

Inf. 2 (AN) Eso era no inverno, claro, no calor.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Porque a xente estaba así nos pueblos, non é como
ahora.

Inf. 1 (NG) E despois xa, como íbamos falando, levaban a masa nos
cestos.

Inf. 1 (NG) A | facía | había... había que fac- | os cestos, as
mulleres facían os cestos.

Entr. 1 (DRL) Facían a m- | amasaban na casa, e cando xa estaba,
iban para o forno.

Inf. 1 (NG) Si.

Inf. 2 (AN) Si, nunha maseira.

Inf. 1 (NG) Xa onde est-, onde estaba léveda, xa |

Inf. 2 (AN) Levaba nus cestos, unhas sábanas que xa tiñas para
aquele... levábalas | a masa para o forno.

Inf. 1 (NG) Poñíalo |

Inf. 2 (AN) Alí nun... | arremesados que había no forno, xa de
madeira, facíamolo pan.

Inf. 1 (NG) Chamábanlle a finxideira.

Entr. 1 (DRL) Como lle chamaban?

Inf. 1 (NG) Finxideira.

Entr. 1 (DRL) Finxideira.

Inf. 1 (NG) Era onde se am- | onde se facía o pan na | no forno.

Inf. 1 (NG) E iban nus cestos que eran feitos tamén da casa, de, de... de varilla de, de vimbre... de vime.

Inf. 2 (AN) Polas mulleres.

Inf. 2 (AN) Que os había tamén eiquí, as varas tamén saían... | habíaas no pueblo tamén.

Inf. 1 (NG) Nacían os vimbres no pueblo, as mulleres facían as... de- | son como baldas -non?-, cestos, pero eran de | feitos de madeira, de, de, de madeira de vimbre, de...

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Levábano para o forno, as mulleres facían alí o pan, despois había unhas pas... de madeira, cun pao, cun pao longo... e metíamos [xxx] no forno.

Inf. 2 (AN) Como agora teñen os panadeiros, [xxx].

Inf. 1 (NG) [xxx] cuando, cuando estaban cocidos, batíanlle por atrás, a ver se, se | cuando sobaban a seco é que xa estaban cocidos.

Entr. 1 (DRL) Ah, conocían o punto de cocción batendo no... [Riso]

Inf. 2 (AN) Si.

Inf. 1 (NG) Se batía plo, plo, plo [Onom] non te me estaba [TranscrDubidosa], cuando, cuando sonaba así seco, xa estaba cocido.

Entr. 1 (DRL) Xa estaba o pan feito.

Inf. 1 (NG) E aquel pan pois duraba vinteún días en casa, ou hasta que se acababa a fornada.

Inf. 2 (AN) Si, hasta que se acababa... e conservábase.

Inf. 1 (NG) [Asent]

Inf. 2 (AN) Home, ao final algo duro, pero pouco, pudrir pouco, pouco.

Inf. 1 (NG) Home, ao fin ao mellor algún cachiño se pudría, pero pouco.

Inf. 2 (AN) Era moi, era moi natural, [xxx] natural de todo.

Inf. 1 (NG) Xa ves.

Inf. 1 (NG) Natural de todo.

Entr. 1 (DRL) Os muíños... eran particulares?

Inf. 1 (NG) Non, eran, eran, eran do pueblo.

Entr. 1 (DRL) Eran, eran, eran de todos, eran do pobo.

Inf. 2 (AN) Si.

Inf. 2 (AN) Si, do pueblo.

Entr. 1 (DRL) Entón non se pagaba por...

Inf. 1 (NG) Non

Inf. 2 (AN) Non, non.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Falamos da peneira, de amasar, do formento, da levadura, do forno, do pan, ah, e a parte de fóra do pan, que é máis dura, como lle chaman?

Inf. 2 (AN) A codia.

Entr. 1 (DRL) A codia.

Inf. 2 (AN) A codia, [xxx] a corteza, a codia, [xxx].

Entr. 1 (DRL) E o de dentro?

Inf. 1 (NG) Miolo.

Entr. 1 (DRL) O miolo.

Inf. 2 (AN) O miolo.

Entr. 1 (DRL) Moi ben.